

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DPTO. INGLÉS



C.P.I. COVATERREÑA
BAIONA
CURSO 2022-23

Índice

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
2.1 Competencias clave nesta materia.....	4
2.2. Competencias clave a través de Together.....	6
3.- OBXECTIVOS.....	11
4.- CONCRECIÓN AVALIABLE PARA CADA APRENDIZAXE.....	13
4.1 Temporización.....	13
4.2 Grado mínimo de consecución para superar a materia. Contidos.....	14
4.3 Procedementos e instrumentos de avaliación:.....	29
5.- CONCRECIÓN METODOLÓXICAS.....	30
6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO TRATAMENTO DAS TICs.....	36
7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	38
7.1 Criterios de avaliación.....	38
7.2 Criterios de cualificación.....	55
8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	58
9.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	60
10.- PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.....	62
11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	64
12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	65
14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	80
15.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	81
16.- AFONDAMENTO EN EXPRESIÓN ORAL EN INGLÉS.....	82
17.- REFORZO.....	85

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O departamento de inglés, durante o presente curso 2020-21 está composto polo seguinte profesorado:

- D.^a Ana Belén García Giráldez, profesora de Secundaria con destino definitivo no centro, impartirá os niveis de 3º ESO A, 3º ESO B, 4º ESO A, 4º ESO B, REFORZO de inglés en 2º ESO e o programa CUALE A2. Ademais será titora de 3º ESO B e Xefa de Departamento.
- D.^a M^a del Carmen Auxiliadora Valle Rey, profesora adscrita a Secundaria con destino definitivo no centro, impartirá os niveis de inglés de 1º ESO A, 1º ESO B, 2º ESO A, 2º ESO B e AFONDAMENTO de inglés en 2º ESO. Ademais será titora de 1º ESO B.
- D.^a M^a Paz Rodríguez González, profesora de Francés que impartirá como afín inglés en 3º Diversificación.

A finalidade do noso proxecto é conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorpórase o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente no alumnado á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Competencia dixital.

Aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas.

Senso de iniciativa e espírito emprendedor.

Conciencia e expresións culturais.

Polo que respecta as linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interactúan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

2.1 Competencias clave nesta materia

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida

diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Competencia para aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ao incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

Competencias sociais e cívicas

As linguas non só serven aos falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta. Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo:

poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse, como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora, así mesmo, o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

2.2. Competencias clave a través de Together

2º ESO

▪ **Competencia en comunicación lingüística:**

Hai unha grande variedade de actividades que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar. Con este libro, o alumnado utilizará a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, desenvolvendo esta competencia en tódalas unidades.

▪ **Competencia dixital:**

Esta competencia desenvólvese en tódalas unidades do libro a través de:

- O uso do **iPack** en tódalas leccións para a presentación da gramática a través dunha animación, a práctica do vocabulario e gramática; o soporte adicional como preparación para as actividades de *listening*, *speaking* e *writing*; visualización dos vídeos nos xogos para consolidar os contidos.
- O **Oxford Online Learning Zone** e recursos na **web de Oxford University Press España** con práctica interactiva, vídeo, material de audio para estender a aprendizaxe de clase.
- O uso dunha aplicación, **VOC App**, para practicar o vocabulario nun smart phone.
- A versión dos libros dixitais: *Student's Book* e *Workbook*.

- A consolidación e presentación da aprendizaxe a través dos *vox-pop videos* e blogs, animación de gramática, vídeos de diálogos de conversación e vídeos de *CLIL* e *Culture*.
- Os apartados *Did you know...?* Proporcionan oportunidades de procura de información online.

▪ **Competencias sociais e cívicas:**

En cada unha das unidades realízanse actividades que desenvolven as destrezas sociais de participación, cooperación e traballo colaborativo cos seus compañeiros e respecto cara si mesmo e aos demais, a través, por exemplo, do traballo en parellas compartindo opinións.

Ademais, as tarefas baseadas na realidade permiten ao alumnado tratar cunha ampla variedade de situacións de comunicación de forma satisfactoria. As seccións de *Speaking* e as actividades de *Put it together* proporcionan frecuentes oportunidades para mellorar as destrezas sociais en inglés.

- En *21st century skills* apréndese sobre a importancia de ser positivo e de involucrarse en proxectos, o respecto, o respecto á diversidade e ao pensar dos demais.
- As actividades por parellas, coma a práctica de pequenos diálogos, favorece as relacións sociais entre os alumnos e alumnas, a cooperación e o traballo en equipo.

▪ **Conciencia e expresións culturais:**

Tódalas unidades de *Together* ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia a través dos textos de lectura, particularmente na lección cultural, apoiadas con vídeos documentais e vídeos culturais.

- Unidade 1 – *Culture: London*
- Unidade 2 – *Culture: English*
- Unidade 3 – lectura: *Seeing History*, *Culture: Thanksgiving*
- Unidade 4 – *Culture: Selfie culture*
- Unidade 5 – *The world around me*: reflexión sobre unha identidade cultural; *Culture: Achievers: amazing athletes*
- Unidade 6 – *Culture: Famous Explores*
- Unidade 7 – *Culture: A young entrepreneur*
- Unidade 8 – *Culture: Extreme Sports*
- Unidade 9 – lectura e conversación sobre un festival, *Culture: Glastonbury festival*

Os apartados *Did you know...?* proporcionan axuda para a comprensión doutros países e culturas.

Tódalas unidades ofrecen ao alumnado a posibilidade de expresar as súas ideas de forma creativa a través de *Put it together* e das actividades de produción oral e escrita.

Aprender a aprender:

Tódalas unidades de *Together* ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia:

- Revisando os obxectivos de cada unidade no resumo de vocabulario, gramática e do inglés práctico no recadro da primeira páxina de cada unidade.
- Coas actividades de preparación no **iPack**, para levar a cabo as actividades de *reading* e *listening* satisfactoriamente.
- Os recadros *Take note* e *Key phrases* alertan ao alumnado sobre características particulares da linguaxe para centrar a súa aprendizaxe.
- As revisións do *Student's Book* e as revisións acumulativas do *Workbook* permiten ao alumnado avaliar o seu propio progreso de forma crítica.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se teñen en conta dentro dos diferentes niveis do libro, xa que o método axuda ao alumnado a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real.

As actividades de quecemento, *Go* e as actividades de produción oral permiten ao alumnado expresar a súa opinión persoal, escoitar a outros alumnos e fainos reflexionar, por exemplo, sobre outras ideas.

Os proxectos ao finalizar as unidades 2, 4, 7 e 8 supoñen un reto para o alumno en canto a traballo colaborativo en grupos, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

▪ **Matemática, ciencia e tecnoloxía:**

Diferentes actividades traballadas ao longo do libro do alumno axudan ao desenvolvemento destas competencias. Numerosas actividades requiren o uso de números, interpretación de gráficas, presentación de datos, etc:

- Starter Unit: practican a dicir algúns números en inglés.
- Unidade 1: CLIL *Maths: data and charts*
- Unidade 2: interpretan unha táboa
- Unidade 5: números en relación con récords mundiais, interpretación de datos, CLIL

Science: average speed

- Unidade 8: calcular prezos e duración de viaxes

A sección *Did you know ...?*, algunhas lecturas e a lección *21st Century skills* en distintas unidades proporcionan ao alumno información sobre ciencia, matemáticas e tecnoloxía:

- Unidade 2: abreviaturas con mensaxes, riscos e precaucións co uso da Internet
- Unidade 3: horarios e salarios durante a historia
- Unidade 5: lectura sobre o cerebro
- Unidade 6: información sobre a supervivencia
- Unidade 8: fobias, CLIL 8: *Biology: fight or flight*, primeiros auxilios

4º ESO

- **Competencia en comunicación lingüística:** remitímonos ao exposto en 2º ESO
- **Competencia dixital:** remitímonos ao exposto en 2º ESO
- **Aprender a aprender:** remitímonos ao exposto en 2º ESO
- **Competencias sociais e cívicas:** remitímonos ao exposto en 2º ESO
- **Conciencia e expresións culturais:**

Tódalas unidades do libro ofrecen a posibilidade de desenvolver esta competencia a través dos textos de lectura, particularmente na lección cultural, apoiados con vídeos documentais e vídeos culturais:

- Unidade 1: Lost and Found, Culture: Anthropology and museums
- Unidade 2: Choices, Culture: Urban tribes “Punk”
- Unidade 3: What’s it worth?, Culture: History of money,
- Unidade 4: Feelings, Culture: British and American humour.
- Unidade 5: Discovery, Culture: Biology and Vaccines.
- Unidade 6: About me, *Culture: Poetry in the UK*
- Unidade 7: On the Streets, Culture: The Berlin Wall
- Unidade 8: The Law, Culture: Justice in the UK
- Unidade 9: Crossroads review, Culture: Literature, “A Midsummer Night’s Dream”

Os apartados *Did you know...?* Proporcionan axuda para a comprensión doutros países e culturas.

Tódalas unidades ofrecen ao alumnado a posibilidade de poder expresar as súas ideas de forma creativa a través de *Put it together* e as actividades de produción oral e escrita.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

O sentido da iniciativa é outra das competencias que se teñen en conta dentro dos diferentes niveis de *Together*, xa que o método axuda ao alumnado a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real.

As actividades de quecemento e as actividades de produción oral permiten ao alumnado expresar a súa opinión persoal, escoitar a outros alumnos e alumnas e failles reflectir, por exemplo, sobre ideas alleas.

Os proxectos, ao finalizar as unidades 1, 2, 4, 5, 7 e 8 supoñen un reto para o alumnado en canto a traballo colaborativo en grupos, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

▪ **Matemática, ciencia e tecnoloxía:**

Diferentes actividades traballadas ao longo do libro do alumno axudan ao desenvolvemento destas competencias. Numerosas actividades requiren o uso de números, de interpretación de gráficas, presentación de datos, etc.

A sección *Did you know...?*, algunhas lecturas e as leccións CLIL, *Culture* e *21st Century Skills* en distintas unidades proporcionan ao alumnado información sobre ciencia, matemáticas e tecnoloxía:

- Unidade 1: CLIL *Science: Anthropology*
- Unidade 2: *Culture: Alternative subcultures: Punk*
- Unidade 3: CLIL *Histoy: The history of money*
- Unidade 4: *Culture: British and American humour*
- Unidade 5: CLIL *Biology: Vaccines*
- Unidade 6: *Culture: Poetry in the UK*
- Unidade 7: CLIL *Histoy: The Berlin wall*
- Unidade 8: *Culture: Justice in the UK*

3.- OBXECTIVOS

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver ao alumnado capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.- CONCRECIÓN AVILABLE PARA CADA APRENDIZAXE

4.1 Temporización

Trátase dunha temporización adaptable, por unha banda, ao perfil de cada grupo-clase , e por outra banda, á propia evolución do curso.

2º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
Starter Unit	3	3-5
1 My time	11	10-12
2 Communication	10	10-12
3 The past	11	10-12
4 In the picture	11	10-12
5 Achieve	11	10-12
6 Survival	11	10-12
7 Music	11	10-12
8 Scary	11	10-12
9 Summer	11	10-12
TOTAL	e.g. approx 101	93-116 horas

4º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)
Starter unit	4	3-5
1 Lost and Found	12	10-12
2 Choices	12	10-12
3 What's it worth?	12	11-12
4 Feelings	12	10-12
5 Discovery	12	10-12
6 About me	12	11-12
7 On the Streets	12	10-12
8 The Law	12	10-12
9 Crossroads review	12	11-12
TOTAL	e.g. approx 112	93-116 horas

No documento adxunto atópanse as temporizacións detalladas por obxectivos, actividades, competencias clave, indicadores e recursos.

4.2 Grado mínimo de consecución para superar a materia. Contidos.

Os contidos que conforman esta materia e este curso agrupáronse en: comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos (a linguaxe oral e a linguaxe escrita), recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

Contidos 2º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala, a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar as inferencias do significado baseadas no contexto.
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).
- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).

Bloque 2. Producción de textos orais

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación
 - o Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
 - o Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os

expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

- Execución
 - o Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.
 - o Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
 - o Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.
 - o Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
 - o Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:
 - Lingüísticos:
 - Modificación de palabras de significado parecido.
 - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
 - Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.
 - Petición de axuda.
 - Paralingüísticos:
 - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
 - Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
 - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.

B2.2. Actitude de respecto cara si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda e outras igualmente cotiás e moi básicas.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecementos e as experiencias noutras linguas.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.

Bloque 4. Producción de textos escritos

B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
 - o Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
 - o Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
 - o Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.
- Execución:
 - o Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
 - o Estruturación do contido do texto.
 - o Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
 - o Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
 - o Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
 - o Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).
- Revisión:

- o Identificación de problemas, erros e repeticións.
- o Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- o Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- o Reescritura definitiva.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as

competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

Estruturas sintáctico-discursivas propias de inglés:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*first conditional*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences, tags*).
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually; used to*); incoativo (*start+verb +–ing*); terminativo (*stop +verb+–ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (e. g. *there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/empahitic); determiners*); a calidade (e. g. *good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals*). Quantity: e. g. *all*

(the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little.

- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).

Contidos 4º ESO

Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación
 - o Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
 - o Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
 - o Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

- o Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Execución
 - o Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
 - o Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
 - o Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe “prefabricado”, etc.).
 - o Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
 - o Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:
 - Lingüísticos:
 - Modificación de palabras de significado parecido.
 - Definición ou reformulación dun termo ou expresión.
 - Petición de axuda.
 - Paralingüísticos:
 - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
 - Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).
 - Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).

- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
 - o Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
 - o Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Execución:
 - o Elaboración dun borrador.
 - o Estruturación do contido do texto.
 - o Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
 - o Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
 - o Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
 - o Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).
- Revisión:
 - o Identificación de problemas, erros e repeticións.
 - o Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
 - o Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).
 - o Reescritura definitiva.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.

- Acento dos elementos léxicos illados, no sintagma e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.
- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.
- Identificación das similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

- Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio entorno.
- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.

- Expresión do interese, a aprobaci3ns, o aprecio, a simpatía, a satisfacci3n, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Formulaci3n de suxesti3ns, desexos, condici3ns e hipóteses.
- Establecemento e mantemento da comunicaci3n e a organizaci3n elemental do discurso.

B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificaci3n persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupaci3ns; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacaci3ns; saúde e coidados físicos; educaci3n e estudo; compras e actividades comerciais; alimentaci3n e restauraci3n; transporte; lingua e comunicaci3n; medio ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da informaci3n e da comunicaci3n.

- Recoñecemento e uso de expresi3ns fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresi3n de opini3ns) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.
- Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formaci3n de palabras mediante recursos de derivaci3n e de composici3n, e recoñecemento de “falsos amigos”.

B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacci3n básicos segundo o tipo de situaci3n de comunicaci3n.

B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas propias do inglés.

- Expresión de relaci3ns lóxicas: conxunci3n (*and, too, also*); disxunci3n (*or*); oposici3n (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparaci3n (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condici3n (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
- Relaci3ns temporais (*the moment she left; while*).
- Be used to / get used to.
- Afirmaci3n (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamaci3n (*What + Adj. + noun, e. g. What beautiful horses!!; How + Adv + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!!*).
- Negaci3n (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. No chance); nobody, nothing; negative tags; me neither*).
- Interrogaci3n (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*);

and future continuous); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. Every Sunday morning*); used to; incoativo (*be about to*); terminativo (*stop –ing*).

- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (present continuous).
- Expresión da existencia (e. g. *there could be*); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (*relative, reflexive/empahitic, one(s)*); determiners; a calidade (e. g. *pretty good; much too expensive*).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals). Quantity: e. g. *lots/plenty (of)*. Degree: e. g. *absolutely; a (little) bit*.
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. at midnight); divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just, when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).
- Uso de conectores.
- *Have/get causative*.
- *Phrasal verbs*.
- *Gerund and infinitive*.

Os mínimos esixibles son os que se atopan descritos ao comezo deste punto. Porén, imos detallar a continuación o bloque **Coñecemento da lingua** para cada un dos cursos de secundaria, que se atopan nas páxinas 2 e 3 do student's book en cada un dos cursos:

2º ESO:

	Vocabulary	Grammar	Reading	Listening
Starter unit	Family: 4 School: 6 A	be: affirmative and negative: 5 Possessive adjectives: 5 Question words: 5 have got; there is; there are: 7 A D		
Unit 1 My time 8	Where we spend time: 8 Free-time activities: 12 Video: Vox pop: 9 A B	Prepositions of place: 9 Present simple: affirmative and negative: 11 questions: 13 D A	An online forum: Screen time: 10 Subskill Understanding different points of view D A	Our favourite hobbies: 12 D A
Unit 2 Communication 18	Communication: 18 On the phone: 22 Quantifiers: 25 Video: Vox pop: 19 L A B	Present continuous: affirmative and negative: 21 questions: 23 contrast with present simple: 25 D A	An online article: Emojis: 20 Subskill Identifying the main topics in an article D A	Telephone situations: 22 Subskill Understanding telephone conversations D A
Unit 3 The past 28	Adjectives: opinions: 28 Common verbs: 32 Video: Vox pop: 29 A B	Past simple: be: 31 there was, there were: 31 Past simple: 33 D A	A web page: Museum exhibits: 30 Subskill Scanning for specific information D D	Time-traveller's diary: 32 A
Unit 4 In the picture 38	Actions and movement: 38 Adverbs and adjectives: 42 Video: Vox pop: 39 D B	Past continuous: affirmative and negative: 41 questions: 43 contrast with past simple: 43 D A	A newspaper article: How a photo changed my life: 40 Subskill Using photos to predict the content of a text D A	Expert tips: How to take better photos: 42 Subskill Using photos and key words to understand the general idea D A
Unit 5 Achieve 48	Periods of time, numbers and measurements: 48 Jobs and skills: 52 Video: Vox pop: 49 A B	Comparative and superlative adjectives: 51 Ability: can and could: 53 Questions with How ...?: 53 D L A	A magazine article: The human brain: 50 Subskill Using context to understand new vocabulary D A	TV show: Genius and prodigy: 53 A
Unit 6 Survival 58	Survival verbs: 58 Survival equipment: 62 Video: Vox pop: 59 A B	The first conditional: will and won't: 61 must and should: 63 D D A	A TV guide: Stay alive: 60 Subskill Identifying text type and predicting content D A	Desert challenge: survival course: 62 Subskill Using predictions to understand a text D D
Unit 7 Music 68	Music and instruments: 68 Star qualities: 72 Video: Vox pop: 69 D B	be going to: 71 contrast with will: 71 be going to questions: 71 Present continuous (future): 73 D D A	A blog: My new song: 70 Subskill Inferring the writer's point of view D A	The You Factor talent show: 72 D A
Unit 8 Scary 78	Feelings: 78 Injuries: 82 Video: Vox pop: 79 A B	Present perfect: affirmative and negative: 81 questions: 83 D A	A magazine article: Screen machines: 80 Subskill Understanding the main idea D A	Dangerous sports: 82 Subskill Listening for specific information D A
Unit 9 Summer 38	Holidays: 88 Summer activities and personality adjectives: 92 Video: Vox pop: 89 A B	Indefinite pronouns: 91 Relative pronouns: 93 D A	A festival guide: 90 Subskill Identifying the purpose of a text D D	Discussion: Choosing a summer course: 92 A
References	Key phrases: 131	Grammar reference: 132	Irregular verb list: 135	

Speaking	Writing	21 st Century skills	Together Options
Talking about families: 4 Talking for personal information: 5 Talking about school: 6	A paragraph about school: 7		
Making suggestions: 14 Subskill: Building suggestions Video: Speaking model Pronunciation: /s/ 12	A profile for a webpage: 15 Language point: too, and, also	Tools and resources: Being an autonomous learner: 16 Put it together: Create a learning pledge	CLIL: Maths: data and charts: 104 Culture: London: 111 Video: A typical American teenager Exam focus: Multiple choice questions: 122
Making plans over the phone: 24 Video: Speaking model Pronunciation: /tʃ/ 21	A report on a activity: 25 Language point: but, however	Tools and resources: Being safe online: 26 Put it together: Create an internet safety poster	CLIL: Language and literature: non-verbal language: 105 Culture: English: 114 Video: Regional languages in the UK Exam focus: Sentence completion: 123
Talking about the weekend: 34 Subskill: Reacting to good and bad news Video: Speaking model Pronunciation: /r/ /d/ /rd/ 12	A description of a special event: 35 Language point: sequencing words	Cumulative review 1: Starter unit - Unit 3: 36	Literature: The Elephant Man: 98 CLIL: Language and literature: Charles Dickens: 106 Culture: Thanksgiving: 115 Video: Two famous writers Exam focus: True / false questions: 124
Expressing interest: 44 Video: Speaking model Pronunciation: Word stress in questions and answers: 41	A description of an event: 45 Language point: when, while, as soon as	The world around me: Expressing identity: 46 Put it together: Design a sports kit	CLIL: Art: the history of animation: 107 Culture: Selfie culture: 116 Video: Street art Exam focus: Multiple choice questions (2): 125
Giving advice: 54 Subskill: Responding to advice Video: Speaking model Pronunciation: /dʒ/ vs /j/ 52	A biography: 55 Language point: paragraphs and topic sentences: 55	The world around me: Preparing for a presentation: 56 Put it together: Make a plan for a presentation	CLIL: Science: average speed: 108 Culture: Achievers: amazing athletes: 117 Video: Musical prodigies Exam focus: Sentence completion (2): 126
Giving safety instructions: 64 Video: Speaking model Pronunciation: must / mustn't 63	Advice for students: 65 Language point: imperatives	Cumulative review 2: Starter unit - Unit 6: 66	Literature: Sherlock Holmes and the Duke's Son: 100 CLIL: Technology: GPS and survival: 109 Culture: Famous explorers: 118 Video: The BBC Discovery Exam focus: Matching: 127
Offering to help: 74 Subskill: Politely interrupting Video: Speaking model Pronunciation: syllables: 72	A song review: 75 Language point: pronouns	Collaboration: Reacting to criticism: 76 Put it together: Write and perform a dialogue	CLIL: Music: sounds, pitch and rhythm: 110 Culture: A young entrepreneur: 119 Video: Teens making a difference Exam focus: True / false questions (2): 128
Responding to a problem: 84 Video: Speaking model Pronunciation: /s/ 81	An email about an accident: 85 Language point: because, so 85	Collaboration: Making decisions: 86 Put it together: Plan a day trip	CLIL: Biology: fight or flight: 111 Culture: Extreme sports: 120 Video: Queenstown Exam focus: Sentence completion (3): 129
Giving personal information: 94 Subskill: Clarifying information Video: Speaking model Pronunciation: /j/ 92	An email from summer camp: 95 Language point: using different tenses	Cumulative review 3: Starter unit - Unit 9: 96	Literature: The Adventures of Tom Sawyer: 102 CLIL: Geography: tourism: 112 Culture: Glastonbury festival: 121 Video: Two tourist destinations Exam focus: Gapped text: 130

U Linguistic communication

L Learning to learn

S Social and civic competence

D Digital competence

C Cultural awareness and expression

I Sense of initiative and entrepreneurship

M Mathematics, science and technology

Key competences

4ºESO:

	Vocabulary	Grammar	Reading	Listening
Starter unit	Social media and the internet: verbs, frequency expressions 4 Digital technology: nouns 6 A1	Present tenses; question forms 5 Question tags; used to 7 B1 A1		Skills that we have lost/gained in the digital age
Unit 1 Lost and found 8	Mimemes: verbs 8 Descriptive adjectives 12 Adverb suffixes 10 Video Vox pop 9 A1 A2	Subject and object questions 11 Past simple, past continuous, past perfect 13 B1 A1	A true story: Finding the way back home 10 Subskill Understanding the sequence of events B1 A1	A podcast: Famous film capsules 12 Subskill Identifying the genre (context) B1
Unit 2 Choices 18	Making decisions: verbs 18 Phrases with get 22 Adjective suffixes 20 Video Vox pop 18 A1 A2 B1	Present perfect simple and continuous; for and since 21 Present perfect vs past simple; ever, never, yet 23 B1 A1	An online article: Alternative lives 20 Subskill Predicting content based on the title and images B1 A1	Three conversations: Transition year 22 Subskill Understanding the main idea B1 B1
Unit 3 What's it worth? 28	Money and marketing: verbs and nouns 28 Shopping: verbs and nouns 32 Noun + noun combinations 30 Video Vox pop 29 A1 A2	Determiners: definite and zero article 31 Future forms 33 B1 A1	An interview: Internet influencers 30 Subskill Inferring attitude and points of view B1 A1	A virtual tour: Shopping 2020 32 Subskill Using visuals to understand a spoken text B1 A1
Unit 4 Feelings 38	Emotions: nouns and adjectives 38 Music and mood: verbs 42 Compound adjectives 40 Video Vox pop 38 A1 A2	Possibility and certainty 41 Ability, advice and obligation 43 B1 A1	An investigation: Animal emotions 40 Subskill Distinguishing between fact and opinion B1 B1	Four conversations 40 Subskill Identifying speakers' tone and purpose B1 A1
Unit 5 Discovery 48	Discovery: nouns and verbs 48 Life and the universe: nouns 52 Noun suffixes 50 Video Vox pop 48 A1 A2 B1	Gerunds and infinitives 51 Conditionals: zero, first, second, third, if and unless 53 B1 A1	A presentation: Biomimicry 50 Subskill Deducing meaning of unknown words B1 B1	A science podcast: What if...? 52 Subskill Predicting using previous knowledge B1 B1
Unit 6 About me 58	Types of people: nouns 58 Personality and experience: adjectives, nouns, verbs 62 Idioms and proverbs 60 Video Vox pop 58 A1 A2	Reflexive and emphatic pronouns 61 Relative pronouns 63 B1 A1	A poem: Be yourself 60 Subskill Interpreting ideas in a text B1 A1 B1	A radio phone-in: Sun comes 62 Subskill Identifying different speakers B1 A1
Unit 7 On the streets 68	Cities: compound nouns 68 Buildings and archaeology: verbs 72 Comparatives / superlatives 70 Video Vox pop 68 A1 A2 B1	Quantifiers: plenty, lots, enough, too much, too many, few, little 71 Passives: past, present and future 73 B1 A1	Two online texts: London sports venues 70 Subskill Identifying and comparing different genres B1 B1	A radio show: Hidden History 72 Subskill Predicting what type of information to listen for B1 B1
Unit 8 The law 78	Crime and criminals: nouns 78 Reporting speech: verbs 82 Negative prefixes 80 Video Vox pop 78 A1 A2	Reported statements 81 Reported questions, commands, requests, offers 83 B1 A1	A blog post: My favourite episode of Sherlock 80 Subskill Recognising direct and indirect speech B1 A1	A news report: Hatton Garden robbery 82 Subskill Listening for facts B1 A1
Unit 9 Review unit Crossroads 88	Vocabulary review: Units 1-8 Video Vox pop 88 A1 A2	Grammar review: tenses 91 Grammar review: other structures 93 B1 A1	A yearbook message 90 Reading skills review B1 B1	Three conversations 90 Listening skills review B1
References	Key phrases 126 Grammar reference 127 Irregular verb list 134			

Speaking	Writing	21 st Century skills	Together Options
<p>Using about free time: 5</p> <p>Using about habits: 7</p>			
<p>Monologue: Telling an anecdote: 14</p> <p>Skill Explaining content</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation Stress in adjectives: 12</p> <p>A</p>	<p>A blog post about an eventful day: 15</p> <p>Subskill Connecting ideas in a story</p> <p>D A</p>	<p>The world around me Active citizenship: 16</p> <p>Put it together Create a record of life in the past</p> <p>D A Q</p>	<p>CLIL Social sciences: Anthropology: 162</p> <p>Video Beamish living museum</p> <p>Exam focus Speaking: Monologue: 110</p> <p>Reading: Gapped text: 111</p> <p>A A A</p>
<p>Monologue: Difficult decisions: 24</p> <p>Skill Connected speech</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation Linking: 24</p> <p>A</p>	<p>Report on a survey: 25</p> <p>Subskill Contrasting ideas in a report</p> <p>L A</p>	<p>The world around me Anticipating consequences: 26</p> <p>Put it together Role play a scenario about consequences</p> <p>D A Q</p>	<p>Culture Alternative subcultures: Punk: 104</p> <p>Video Fashion tribes</p> <p>Exam focus Speaking: Discussion: 112</p> <p>Listening: Sentence completion: 113</p> <p>A A A</p>
<p>Monologue: A presentation: 34</p> <p>Skill Speed and emphasis</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation /r/ and silent r: 32</p> <p>Q</p>	<p>An online gift guide: 35</p> <p>Subskill Using conjunctions</p> <p>D A</p>	<p>Cumulative review 1 Starter unit – Unit 3: 36</p>	<p>Literature A Christmas Carol: 96</p> <p>CLIL History: The history of money: 104</p> <p>Video The Wall Street Crash</p> <p>Exam focus Speaking: Collaborative task: 114</p> <p>Writing: Report: 115</p> <p>D A A A</p>
<p>Monologue: Talking about feelings: 44</p> <p>Skill Expressing support and sympathy</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation Silent letters: 43</p> <p>A</p>	<p>Post on an advice forum: 45</p> <p>Subskill Using a conversational tone</p> <p>A</p>	<p>Collaboration Making a positive impression: 46</p> <p>Put it together Create a training video</p> <p>D A Q</p>	<p>Culture British and American humour: 105</p> <p>Video The Edinburgh festival</p> <p>Exam focus Speaking: Photo description (1): 116</p> <p>Reading: True or false: 117</p> <p>D A A</p>
<p>Monologue: Giving an opinion: 54</p> <p>Skill Avoiding repetition</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation The letters ee</p> <p>A</p>	<p>Opinion essay: 55</p> <p>Subskill Giving reasons and explanations</p> <p>Q A</p>	<p>Tools and resources Problem solving: 56</p> <p>Put it together Evaluate an idea</p> <p>D A L</p>	<p>CLIL Biology: Vaccines: 106</p> <p>Video Listen: Antibiotic surgery</p> <p>Exam focus Speaking: Photo description (2): 118</p> <p>Listening: Multiple choice: 119</p> <p>L A A</p>
<p>Monologue: An interview: 64</p> <p>Skill Playing for time</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation that in relative uses: 63</p> <p>Q</p>	<p>A formal letter: 65</p> <p>Subskill Using a formal register</p> <p>Q Q</p>	<p>Cumulative review 2 Starter unit – Unit 6: 66</p>	<p>Literature Frankenstein: 28</p> <p>Culture Poetry in the UK: 107</p> <p>Video An author: Tim Bowler</p> <p>Exam focus Speaking: Discussion: 120</p> <p>Writing: Letter: 121</p> <p>A L A D</p>
<p>Monologue: Describing and comparing photos: 74</p> <p>Skill Speculating</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation Auxiliary verbs: 73</p> <p>A</p>	<p>Tourist information leaflet: 75</p> <p>Subskill Using propositional language</p> <p>Q A</p>	<p>Tools and resources Innovative thinking: 76</p> <p>Put it together Ideas for improving your neighbourhood</p> <p>D A A Q</p>	<p>CLIL History: the Berlin wall: 108</p> <p>Video The High Line</p> <p>Exam focus Speaking: Photo comparison: 122</p> <p>Reading: Multiple matching: 123</p> <p>A A A</p>
<p>Monologue: Apologising: 84</p> <p>Skill Checking information</p> <p>See Speaking model</p> <p>Pronunciation /s/: 82</p> <p>A</p>	<p>Discussion essay: 85</p> <p>Subskill Using references and pronouns</p> <p>Q A</p>	<p>Collaboration Creating well-structured arguments: 86</p> <p>Put it together Have a class debate</p> <p>D A Q</p>	<p>Culture Justice in the UK: 109</p> <p>Video Forensic science</p> <p>Exam focus Speaking: Interview: 124</p> <p>Listening: True or false: 125</p> <p>A A A</p>
<p>Speaking functions review: 94</p> <p>See Speaking model</p> <p>A</p>	<p>An online CV: 95</p> <p>Writing skills review: punctuation</p> <p>Q D A</p>		<p>Literature A Midsummer Night's Dream: 100</p> <p>A A A</p>

Key competences

- Linguistic communication** (Icon: D)
- Learning to learn** (Icon: D)
- Social and civic competence** (Icon: A)
- Digital competence** (Icon: A)
- Cultural awareness and expression** (Icon: A)
- Sense of initiative and entrepreneurship** (Icon: Q)
- Mathematics, science and technology** (Icon: L)

3

4.3 Procedementos e instrumentos de avaliación:

Atendendo aos diferentes criterios, o currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. No relativo á avaliación **sumativa**, teranse en conta as probas escritas e orais realizadas ao longo do curso. En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe** avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Os criterios de avaliación que establece o currículo para a Educación Secundaria na área da lingua estranxeira están organizados en cinco grandes bloques, ao igual que os contidos: comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe. Con respecto á avaliación por **competencias**, empregaranse os chamados **indicadores**, que se especifican máis abaixo. Para a súa referencia, inclúese na sección 7 a lista completa tanto dos criterios da avaliación como dos indicadores de competencias clave.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes: o punto de partida da aprendizaxe dos alumnos e alumnas son os seus coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. O alumnado non só terá que adquirir uns coñecementos, senón que deberá ser capaz de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos e alumnas non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo motivan ao alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os alumnos e alumnas aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poidan aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións, inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no *Class Book*. Están explicadas no *Teacher's Book* e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No

noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a, debendo iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fai o alumnado, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, en grupo e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado. O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e pasando, a continuación, á exploración do mundo que os rodea: a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só sirvan para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

O libro proporciona unha metodoloxía baseada en 5 Cs: comunicación, colaboración, creatividade, pensamento crítico e curiosidade, para conseguir o máximo rendemento da clase e un total compromiso do alumnado.

O enfoque do libro traballa as cinco destrezas: escoitar, ler, falar, conversar e escribir en situacións reais para unha comunicación eficaz. Inclúe actividades de colaboración, clave na aprendizaxe dun idioma. *Together* inclúe leccións de reciclaxe e repaso durante todo o libro, e aumenta o interese do alumnado con imaxes e un formato que fomenta a curiosidade.

A metodoloxía do noso proxecto desenvólvese como indicamos a continuación:

Vocabulario

En cada unidade se presentan dous bloques de vocabulario, baseados no tema da unidade. Adicionalmente, *Together* ofrece unhas expresións de linguaxe funcional coidadosamente seleccionadas que aparecen nos recadros de *Key phrases*. Estes elementos constitúen o vocabulario clave que aprenderán todos os alumnos e alumnas. Para os estudantes máis avanzados, que poden adquirir unha lista de vocabulario máis extensa, hai un terceiro grupo en cada unidade, nas leccións culturais ou de *CLIL*.

Os dous grupos de vocabulario preséntanse no libro e practícanse en diferentes actividades no **Student's Book** e no **iPack**. O vocabulario novo aparece nos textos de lectura e de audición, así como nas actividades de gramática, asegurando unha exposición continua para que os estudantes se familiaricen con el antes de utilizalo noutras actividades máis produtivas nas seccións **Put it together**.

A reciclaxe tamén está coidadosamente planificada e sistematicamente integrada en *Together*. O vocabulario clave aparece en textos e actividades do *Cumulative Review*, ao longo de todo o **Student's Book** e no material adicional do **iPack**.

O **Workbook** proporciona práctica adicional de vocabulario en cada unidade e, ao final, tamén práctica adicional de *puzzles and games*.

Gramática

Cada unidade de *Together* cobre os puntos gramaticais principais. As estruturas novas aparecen nun contexto nos textos da lectura ou audición. Trala explotación destes textos, pódese presentar a estrutura gramatical a través da táboa e reforzala visualizando a **Grammar animation** no **iPack**. A animación ten unha trama e personaxes cómicas. Presentan e revisan os puntos principais de gramática rápida e eficazmente.

As regras gramaticais indutivas retan ao alumnado a obter a forma e completar a regra mediante a análise e a reflexión, desenvolvendo deste xeito unha aprendizaxe máis independente. O **Grammar reference** ao final do **Student's Book** proporciona máis detalles e unha explicación

e se inclúen ademais actividades adicionais no **iPack**. Os alumnos e alumnas poden producir unha linguaxe de xeito máis libre nas seccións *Put it together*.

Ó igual que co vocabulario, a reciclaxe é unha prioridade en *Together* e as estruturas clave aparecen en textos e actividades do **Cumulative Review** e no material adicional no **iPack**.

O **Workbook** proporciona práctica de gramática adicional en cada unidade. ao final do **Workbook**, o alumnado pode atopar práctica adicional: *Together challenge*, *grammar practice*, *pronunciation bank* e *writing booster*.

O **Test and Resources Multi-ROM** inclúe *worksheets* adicionais de gramática para tres niveis. A gramática tamén forma parte dos *Unit tests* e *End-of-term / year tests*.

Destrezas

A comprensión escrita (*Reading*) desempeña un papel importante na aprendizaxe da lingua. *Together* inclúe unha ampla variedade de tipos de texto: artigos, páxinas web, historias, receitas, correos electrónicos, guións de vídeo e entrevistas. Todos os textos están graduados coidadosamente e perseguen o obxectivo de proporcionar información interesante de maneira realista. Os dous textos principais de cada unidade e o texto intercurricular están incluídos no **Class audio CD** ou poden presentarse directamente no **iPack**, no que se inclúen tamén as actividades como preparación para a lectura. O **Workbook** tamén ofrece práctica de lectura.

A través dos textos de lectura, introdúcese e recicla a gramática e o vocabulario. O primeiro exercicio de comprensión da lectura desenvolve subdestrezas coma o *skimming* e *scanning* para asegurar que os estudantes captan a idea global do texto. Os exercicios sucesivos son para que o alumno localice información específica. Os textos máis breves aparecen ao longo de todo o libro para reciclar e practicar a gramática e o vocabulario, para proporcionar modelos para as producións escritas e como contexto para as actividades de comprensión e expresión oral.

A comprensión oral (*Listening*) forma unha parte importante do desenvolvemento da linguaxe e contribúe a mellorar a produción oral. Tendo isto en mente, *Together* ofrece moitas oportunidades para esta práctica:

- § o *listening* principal de cada unidade
- § un *warm-up*, vídeo cultural e drama por unidade
- § ditados e actividades de pronunciación
- § práctica adicional na páxina do *Workbook*

Os textos orais proporcionan unha variedade de falantes en diferentes situacións, incluíndo programas de radio, entrevistas, conversas e anuncios, cunha variedade moderada de acentos internacionais para dar veracidade.

Nos textos orais principais practícase o segundo bloque de vocabulario e a gramática nun contexto. Os exercicios do libro do alumno proporcionan unha axuda para adquirir unha comprensión xeral do texto e desenvolver a destreza de escoitar para captar a idea principal así como a información específica.

Inclúese un ditado en cada *Cumulative Review* para que os estudantes sexan capaces de recoñecer a linguaxe aprendida tanto de xeito oral coma escrito. Esta práctica intensiva de *listening* axuda a refinar o oído e a crear unha maior asociación coa forma oral e escrita da linguaxe.

A expresión oral (***Speaking e Conversation***) desempeña un papel importante en *Together* con multitude de oportunidades para que os estudantes participen en actividades practicando a precisión e a fluidez.

A actividade de *warm-up* (Go) introduce o tema da unidade e reta aos estudantes a activar a linguaxe conectada con ese tema. ao longo do curso danse actividades de personalización nas que os estudantes expresan a súa opinión ou relatán unha experiencia persoal.

Cada lección remata con actividades *Put it together* que ofrecen aos estudantes a oportunidade de practicar a linguaxe que estiveron aprendendo dun xeito máis libre e personalizado.

A páxina de *Speaking* presenta e practica a linguaxe funcional de uso común nun contexto práctico e real: por exemplo, pedir comida nun restaurante ou falar sobre as actividades de ocio.

Os *vox-pop* vídeos teñen un modelo divertido e familiar para aprender frases clave. Son sinxelos e auténticos, reforzan a linguaxe e activan coñecementos previos.

A pronunciación tamén se practica en cada unidade. As actividades *Pronunciation* practican sons específicos, acentuación nas palabras, nas frases e entoación. A programación foi desenvolvida especificamente para falantes españois. Tódalas unidades proporcionan unha práctica intensiva sobre un punto particular con práctica adicional ao final do **Student's Book**. Tódalas actividades de pronunciación inclúen exemplos de audio en *standard British Received Pronunciation (RP)* no *Audio CV* e no **iPack**.

Together dedica en tódalas unidades unha páxina para a práctica guiada de expresión escrita (**Writing**). A actividade final cobre unha variedade de tipos de textos diferentes, como correos electrónicos, artigos, guións de vídeos, etc. O texto modelo mostra unha clara estrutura de parágrafos e emprega a linguaxe clave da unidade en patróns de frases sinxelas. Tamén exemplifica un punto da linguaxe como as expresións de tempo, conxuncións ou puntuación. Estes puntos da linguaxe practícanse na sección antes de realizar a tarefa de *Writing* coa axuda dun guión, que mostra aos estudantes como estruturar as súas notas en parágrafos e como planificalos.

O **Workbook** inclúe unha actividade similar para consolidar os puntos traballados no **Student's Book**.

Tamén se practica a expresión escrita nos proxectos.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO TRATAMENTO DAS TICs

Disponse dos seguintes recursos materiais e dixitais do método *Together*, da editorial Oxford:

- O *iPack*, con presentacións, xogos, estruturas de gramática traducidas, listas de palabras, listas de verbos irregulares, vídeos e recursos adicionais.

Acceso vía www.oxfordplus.es

Oxford Premium (para profesores)

Oxford Online Learning Zone (recursos para alumnos)

VocApp, con actividades de comprensión, compatible cos Smartphones

Unha revista electrónica mensualmente con temas estacionais

3 vídeos culturais sobre unha variedade de temas

3 webquests, integradas cos vídeos, onde os estudantes exploran páxinas web coidadosamente seleccionadas

Podcasts descargables para practicar a súa escoita

Práctica paso a paso de conversación, incluíndo modelos, diálogos guiados e unha escoita e un vídeo interactivo.

Xogos de probas sobre unha variedade de temas da cultura angloparlante

Unha axenda online para apuntar actividades realizadas e o progreso

Material práctico para ser utilizado coa lousa dixital interactiva ou o portátil e o proxector. Inclúe o libro completo do alumno e o libro de actividades coa versión interactiva das solucións, o audio e presentacións e animacións extras.

O alumnado dispón do *Student's Book* cunha unidade introdutoria, nove unidades con dez páxinas cada unha, proxectos e vinte e catro páxinas intercurriculares. Tamén dispón do *Workbook*, con oito páxinas de actividades e práctica adicional para cada unidade do libro do alumno. E dispón ademais do *Voc App* para practicar o vocabulario do libro do alumno nun *smart phone*.

O profesorado dispón da Guía didáctica (*Teacher's Guide*), con anotacións didácticas concisas para cada lección, suxestións para actividades por capacidades de distinto grado, anotacións culturais, a versión solucionada das actividades do alumno, transcripcións das audicións, referencias ás Competencias clave e os *Self Assessment Checklists*; o *Tests and Resources Multi-ROM* con *worksheets* para a práctica adicional de vocabulario e gramática para reforzar e estender o contido das *worksheets* das unidades principais, as *CLIL extension worksheets*; os vídeo *scripts*, material para a avaliación, os tests das unidades e as audicións e solucións para tódalas *worksheets*, os CDs de audio con tódalas audicións, os *listening tests* e o material para a pronunciación.

E por último, os recursos na web *Oxford Online Learning Zone* para o alumnado con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula; os recursos na web *Oxford Premium* para o profesorado con todo o material online e os libros dixitais dispoñibles.

Os recursos multimedia mencionados (*iPack*, *Tests and Resources Multi-ROM*, a web e os libros dixitais) integran por completo o uso das TICs na aula, permitindo ao profesorado adaptar as mellores solucións dixitais de acordo ao alumnado ou ao centro no que se desenvolve o ensino.

Ademais do todas as posibilidades dixitais que ofrece *Together*, procurarase que nos traballos e *projects* propostos ao alumnado se faga uso das TICs: deseño en Power Point /Libre impress, envío de redaccións por correo electrónico (previa autorización dos seus responsables legais)...

Finalmente, o profesorado subirá material extra e se comunicará co alumnado en caso de que sexa preciso a través da plataforma Edixgal ou da Aula Virtual do centro.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

7.1 Criterios de avaliación

Como xa comentamos, o currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliábeis** por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso.

2º ESO

§ Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.

B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.

B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.

B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.

B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.

§ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.

B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.

B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.

B2.6. Intercambiar información ou responder a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.

B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.

§ Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de

significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.

B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.

B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.

B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.

§ Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).

B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.

B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.

B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.

B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.

B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscos, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

§ Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.

B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.

B5.3. Incorporar á produción do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.

B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.

B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.

B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

Os **estándares de aprendizaxe** neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

§ Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.

PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.

PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.

PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).

PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con

imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.

§ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervéñ na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinión e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar una actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.

§ Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.

PLEB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

§ Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.

PLEB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións .

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

§ Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.

PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.

PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).

PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos

elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

4º ESO

§ Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver a escoitar o dito.

B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiáns ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.

B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.

B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.

§ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.

B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.

B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.

B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.

B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.

B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.

§ Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).

B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.

B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.

B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.

B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.

§ Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).

B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).

B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.

B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.

B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscos, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital,

adequados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

§ Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.

B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).

B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).

B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.

B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.

B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).

B5.8. Recoñecer, e aplicar a comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.

B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

Os **estándares de aprendizaxe** neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

§ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).

PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.

PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).

PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan

temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.

PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, nun hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.

PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.

PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).

§ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.

PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e

lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos; e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

§ Bloque 3. Comprensión de textos escritos

PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).

PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.

PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).

PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte, incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).

PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).

PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.

§ Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.

PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos

imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).

PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.

PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.

PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

§ Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.

PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.

PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.

PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.

PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación se fixará non só no resultado final, senón tamén na aprendizaxe conseguida a partir da situación inicial de partida. Reorientarase o proceso de ensino-aprendizaxe sempre que sexa necesario intentando superar as dificultades que xurdan e considerando o nivel axeitado do alumno/a.

Os estudantes serán avaliados continuamente, non só a través de probas escritas, senón tamén por medio de exercicios orais nos que deberán amosar a súa competencia comunicativa.

2º ESO

A cualificación obtida en cada unha das avaliacións reflectirá a suma dos coñecementos do alumnado, a súa actitude, capacidade de traballo, de integración no grupo, traballo diario (caderno de exercicios, traballos e tarefas).

Non se eliminará ningunha parte da materia xa que os contidos se estarán a utilizar constantemente.

A aqueles alumnos que non superen positivamente algunha proba / avaliación daráselle unha serie de actividades de recuperación persoais e adaptadas para cada alumno.

A observación sistemática proporciónanos os instrumentos básicos de avaliación e permítenos establecer os seguintes criterios de cualificación para a valoración final do alumno:

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		
PROBAS ESCRITAS Realizarse, na medida do posible, un control por cada unidade do libro, onde se atenderá principalmente a valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, e un control trimestral acumulativo. A nota deste apartado será a media aritmética das notas obtidas nas distintas probas que se realicen en cada trimestre.	60%	<ul style="list-style-type: none">● Vocabulario: 20%● Gramática: 35%● Reading: 15%● Writing: 15%● Listening: 15%

EXPRESIÓN ORAL	10%	A avaliación poderá facerse en base a unha proba específica ou á produción oral diaria na aula.
TRABALLO DIARIO E INTERESE POLA MATERIA O peso deste apartado repartirase de forma equitativa entre os distintos aspectos avaliados segundo o nivel educativo.	30%	<ul style="list-style-type: none"> ● Tradución ● Verbos irregulares ● Traballo e actitude na aula ● Deberes ● Redaccións ● Traballo en grupo ● Reading Project: co gallo de favorecer o gusto pola lectura, os estudantes deberán ler un libro en inglés ao longo do curso e serán avaliados en cada trimestre dos capítulos acordados.

O alumnado que resulte suspenso na terceira avaliación terá unha derradeira oportunidade para poder aprobar o curso. Os criterios de cualificación para o alumnado suspenso na terceira avaliación parcial serán os seguintes: o alumnado examinarase en xuño dos contidos mínimos do curso que non superara na terceira avaliación parcial, necesitando sacar un 5 para poder aprobar a materia nesta proba final.

O exame constará dos seguintes apartados:

vocabulary 20% da nota

language focus (grammar) 40% da nota

reading 20% da nota

writing 10% da nota

listening 10% da nota

4º ESO

Desenvolveranse tres avaliacións repartidas ó longo do período escolar. En cada unha realizaranse varias probas obxectivas que permitirán elaborar unha cualificación obxectiva para os merecementos e esforzo individual do alumnado.

A avaliación é continua, realizando controis cando se considere oportuno. As probas serán, por suposto, coherentes coas actividades de práctica realizadas nas clases.

Aplicaranse probas de avaliación nas que o alumnado demostrará o grao de coñecementos adquiridos na lingua inglesa, non só da unidade que se estea a traballar senon que deberá amosar os coñecementos adquiridos dende principio de curso: o seu nivel de vocabulario, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita, expresión oral e coñecementos

sintáctico-discursivos. Estas probas estarán baseadas nos contidos e habilidades desenvolvidas na clase. A docente realizará distintos tipos de probas co fin de poder avaliar o grao de consecución dos obxectivos marcados, tendo en conta as competencias e os contidos traballados.

Establécense os seguintes criterios de cualificación:

Writing	15,00%
Reading	10,00%
Grammar and Vocabulary	40,00%
Listening	10,00%
Speaking	15,00%
Homework, Classwork and Projects	10,00%

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10.

Na segunda avaliación haberá unha proba de lectura sobre o libro de lectura proposto. A nota desta proba será a nota de "Reading". Polo tanto, a proba do libro de lectura terá un valor dun 10% na nota da segunda avaliación.

No apartado "Daily Work" valorarase todo o traballo diario, a partir da observación de todo o que se faga nas clases que queda fóra dos exames como tales, isto inclúe o traballo na casa, o traballo na clase, as intervencións orais, a participación, así como calquera traballo de clase que se decida que debe ser avaliado (listenings de clase, pequenos tests de vocabulario, writings, etc.)

A materia ten unha avaliación continua. Non é preciso, polo tanto, facer probas específicas de recuperación. Dado o carácter progresivo da materia, nas probas do terceiro trimestre se avaliarán as destrezas adquiridas e os contidos traballados ao longo de todo o curso. Polo tanto, considerarase que o alumnado que aprrobe o terceiro trimestre aprobará o curso, mentres que se suspende o terceiro trimestre, é indicador de que non ten adquiridas as competencias de 4º ESO, e polo tanto non aprobará o curso.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Os compoñentes do departamento avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se empregará este modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ao contexto da aula.	Adecúase parcialmente ao contexto da aula.	Adecúase completamente ao contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron todos os temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse todos os temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para o alumnado.	Iniciouse o programa de recuperación para o alumnado que o necesite.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para o alumnado que o necesite.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada aos métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

O resultado desta avaliación incluírase na memoria final do departamento.

MECANISMOS DE REVISIÓN

En canto os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación, os procedementos para avaliar a propia programación incluírán as seguintes actuacións:

- Seguimento cualitativo do grado de cumprimento da programación didáctica nos distintos grupos e niveis que se imparten. Teranse en conta tanto os aspectos que incidan no bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe coma os factores condicionantes negativos que dificultan dito proceso. Este seguimento farase unha vez ao mes aproximadamente.

- Proposta de medidas de mellora. Estas actuacións terán lugar así mesmo con carácter mensual, e as conclusións que no seu caso correspondan estruturaránse de acordo co seguinte esquema de traballo:

- a) medidas encamiñadas a rectificación de actitude
- b) medidas encamiñadas a recuperación de coñecementos
- c) calquera outra medida proposta polos membros do Departamento encamiñadas a mellorar o grao de complemento da programación

- Analizaranse os resultados cualitativos sobre os contidos programados a través das distintas probas obxectivas. Estas valoracións realizaranse con carácter trimestral tralas respectivas sesións de avaliación.

- Non hai que esquecer que a reciclaxe e formación permanente do profesorado é sempre un factor que axuda a corrixir, adaptar e mellorar aspectos da propia programación.

O propio feito de facer unha programación xa é dinámico en si mesmo, pois revísase cada ano e axuda ao profesorado a evitar situacións imprevistas, facilita levar a práctica a importación dos contidos mínimos e aporta flexibilidade para adaptar os contidos ás necesidades e situación dos estudantes.

En todo caso, seguindo na liña de autoavaliación da propia programación, faremos tamén fincapé nos seguintes aspectos:

- Descubrir as necesidades, metas e tópicos que interesan aos estudantes, que constitúen o auténtico punto de partida; o análise destas necesidades farase máis dunha vez ao longo do curso, pois poden cambiar. Isto é importante porque permite ao profesor estar en contacto permanente cos seus estudantes, facer o seu ensino máis dinámico e adaptalo se é necesario. Por outra banda, axuda aos estudantes a participar activamente e facerse cargo dos seus propios estudos.

- Facer que os estudantes sexan autónomos no proceso de aprendizaxe.

9.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A coordinación e seguimento da avaliación da aprendizaxe do alumnado con inglés como materia pendente será responsabilidade da xefa de departamento a través do profesorado responsable das actividades docentes que se detallan neste plan de traballo. O profesorado que imparte docencia ao alumnado coa materia pendente será o encargado de facer o seguimento e a avaliación do mesmo. As probas elaboraranse de forma conxunta entre os membros do Departamento.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Este departamento seleccionou unha serie de actividades que recollen os contidos mínimos de cada nivel. Nos primeiros días entregaráselles aos alumnos/as un boletín de exercicios de vocabulario e de contidos gramaticais de cada nivel, ademais de textos para traballar a comprensión lectora e temas que desenrolar na práctica da expresión escrita. Asemade mostraráselle ao alumnado todo o material de recuperación que ten á súa disposición na aula virtual ou en edixgal. Dito material consiste nunha explicación gramatical de cada unidade, así como un listado do vocabulario mínimo e outro listado dos verbos irregulares. Ademais o alumnado terá que facer as tarefas de cada unidade e entregalas á súa profesora.

Como xa comentamos, este material estará fundamentalmente centrado na GRAMÁTICA, VOCABULARIO, COMPRENSIÓN LECTORA e EXPRESIÓN ESCRITA. A parte de FONÉTICA/PRONUNCIACIÓN, LISTENING e SPEAKING trataranse co grupo de referencia durante o curso.

ALUMNA DE 2º ESO CON INGLÉS PENDENTE DE 1º:

Actualmente so hai unha alumna en 2º ESO coa materia pendente. Esta alumna irá facendo as actividades de reforzo entre a casa e as clases de Reforzo de Inglés, nas que se aproveitará para resolver dúbidas e reforzar os contidos que se consideren necesarios.

Elaborarase un calendario coas datas de entrega das actividades e as datas das probas. Este calendario será entregado á alumna nos primeiros días de clase.

ALUMNADO DE 4º ESO CON INGLÉS PENDENTE DE 3º:

Farán as actividades correspondentes ao reforzo da materia na casa e preguntarán dúbidas á profesora, nos recreos dos mércores. Unha vez que teñan as dúbidas resoltas entregarán os

exercicios á profesora para que esta os corrixa e na maior brevidade posible serán devoltos ao alumno/a.

Elaborarase un calendario coas datas de entrega das actividades e as datas das probas. Este calendario será entregado ao alumnado implicado nos primeiros días de clase.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

➤ Todo o alumnado con materias pendentes debe presentarse aos tres exames parciais, un en cada trimestre. Calcularase a media entre os tres exames.

- Se a media é 5 ou máis, o alumno/a estará aprobado.

- Se a media está entre o 4 e o 5, poderase engadir ata un punto se o alumno/a entregou os boletíns de actividades, e polo tanto, podería chegar ao 5 e estar aprobado.

➤ Se a media é inferior a catro, o alumno/a deberá presentarse á proba final de maio, só coa parte que teña suspensa. Volverase calcular a media. Se chega ao 5, estará aprobado. Se chega ao 4, poderase engadir ata un punto se entregou as actividades ao longo do curso.

➤ Ademáis, todos aqueles alumnos/as que obteñan un 5 na 1ª avaliación do curso actual e entreguen as actividades propostas na primeira avaliación en forma e prazo aprobarán automaticamente a asignatura pendente.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliacións para o alumnado con inglés pendente serán os mesmos que os propios do nivel que teñen pendente, aínda que, dada a imposibilidade de realizar as probas de avaliación da expresión e comprensión oral de forma simultánea nos diferentes niveis, a distribución das probas será a seguinte:

- vocabulary and grammar □ 60% da nota
- reading □ 20% da nota
- writing □ 20% da nota

10.- PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Segundo a Orde 10 de Agosto de 2006 sobre Avaliación na ESO: “De conformidade con lo establecido en el artículo 15.6 del Decreto 231/2007, de 31 de julio, cuando un alumno o alumna no promocione deberá permanecer un año más en el mismo curso. Esta medida deberá ir acompañada de un plan específico personalizado orientado a que el alumno o alumna supere las dificultades detectadas en el curso anterior. Los centros docentes organizarán este plan de conformidad con lo que, a tales efectos, establezca la normativa en vigor”.

Proposta do Departamento de Inglés

O alumnado que repita curso e non superara a materia de inglés no curso 22-23 seguirá a programación establecida polo departamento para o nivel educativo onde se atope. Porén, reforzaranse aqueles aspectos que non posibilitaron a superación da materia no curso anterior mediante a realización de actividades adicionais. Dito alumnado realizará actividades de reforzo de diferente nivel de dificultade, actividades encamiñadas a consolidar os coñecementos e competencias adquiridas, así como actividades de ampliación en caso de que nalgún dos bloques de contidos se observe que o seu nivel de partida é maior que o requirido polo departamento para o nivel educativo que cursa.

Obxectivos do plan de reforzo

- Asegurar a aprendizaxe básica que lles permita seguir con vantaxe as ensinanzas desta etapa.
- Facilitar un ensino adaptado aos seus intereses, que sexan motivadores e que busquen unha aprendizaxe significativa a través da súa conexión co seu contorno social e cultural.
- Mellorar as competencias e competencias clave.
- Mellorar os resultados académicos dos estudantes aumentando a porcentaxe de estudantes que recuperan as materias pendentes e que promoven durante o curso.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no centro.
- Aumentar as expectativas académicas dos estudantes.
- Facilitar a adquisición de hábitos organizativos e perseveranza no traballo.

- Desenvolver actitudes positivas cara ao traballo e superar as dificultades persoais e académicas.

Medidas

As medidas que se poderían tomar neste plan son as seguintes:

Control integral do profesor na clase: atención, traballo, caderno de clase, estudo detallado do progreso ou dificultades nas probas realizadas... Comunicarase esta medida ao alumno e á familia para que non se sintan intimidados e perciban que o profesor só intenta axudar.

Mellorar a comunicación e a información coa familia a través de notas, informes, chamadas telefónicas, reunións...

Intensificar a comunicación entre profesorado, titor e orientador a través de informes, charlas ou reunións con todo o equipo educativo.

Elaboración de material de reforzo para estes estudantes, empregando os recursos adicionais do libro de Oxford. O profesor entregará este material de reforzo que será efectivo sempre que o alumno faga un seguimento adecuado da clase e asista de forma regular. O alumnado en cuestión poderá, ademais, solicitar material adicional sempre que o desexe.

En caso de que as dificultades persistan a pesar de todas as medidas anteriores, o profesor pode realizar unha adaptación curricular non significativa.

Actuacións do primeiro trimestre

- Identificación / localización dos estudantes suxeitos ao programa repetidor.
- Análise de informes anteriores ou do curso anterior.
- Realización de avaliacións iniciais e entrevistas persoais (avaliación do estilo de aprendizaxe).
- Análise dos resultados.
- Programación e plans personalizados.
- Seguimento durante o trimestre (con reunións periódicas do equipo educativo).
- Avaliación do programa na primeira sesión de avaliación trimestral.

Actuacións do segundo trimestre

- Avaliación dos resultados do primeiro trimestre
- Introducción de melloras se procede
- Seguimento durante o segundo trimestre
- Avaliación do programa na segunda sesión de avaliación

Actuacións do terceiro trimestre

- Avaliación dos resultados do segundo trimestre
- Introducción de melloras se procede
- Seguimento durante o terceiro trimestre
- Avaliación final dos resultados do programa
- Propostas de mellora para o próximo curso

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

As dúas primeiras semanas do curso, aproximadamente, adicaranse a repasar os contidos mínimos que o alumnado debería ter adquirido o curso anterior, tras o cal se realizará unha avaliación inicial que nos servirá para saber o nivel do noso alumnado e se hai que adaptar ou non o programado neste proxecto curricular. Ademais, a observación será clave nos primeiros días para analizar as habilidades do alumnado no que respecta as súas capacidades de comprensión e expresión oral.

As medidas individuais aparecen reflectidas no punto seguinte: Medidas de atención á diversidade.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As adaptacións centraranse en:

Tempo e ritmo de aprendizaxe

Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal

Metodoloxía máis personalizada

Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais

Reforzo das técnicas de aprendizaxe

Mellora dos procedementos, hábitos e actitudes

Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo

Aumento da atención orientadora

Atención educativa ao alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria

Enriquecemento curricular

Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial. Este material versará sobre os mesmos contidos traballados co grupo de referencia pero cun nivel de complexidade superior e sempre cun aspecto lúdico para evitar que o alumnado o asuma como un castigo ou carga de traballo adicional.

b) Para o alumnado con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para o alumnado con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.

Neste curso faranse dúas adaptacións curriculares en 2º ESO e unha en 3º ESO (Ver documento adxunto)

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO, AMPLIACIÓN E DESDOBRES

● ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Xa explicadas no apartado 9.

● ACTIVIDADES DE REFORZO

Este proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase de Secundaria hai alumnos con ritmos de aprendizaxe e graos de motivación diferentes. A diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso fai posible que todos os alumnos e alumnas atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe, grazas ás diferentes posibilidades de acceder a un mesmo contido.

En canto aos ritmos de aprendizaxe, unha grande cantidade de actividades permite que os que o necesiten dispoñan de actividades de ampliación ou de reforzo. Así, as unidades de repaso do *Student 's Book* proporcionan unha variedade de actividades de reforzo, como tamén o fai o *Workbook*. Cabe destacar neste sentido a importancia do *Teacher's Resource Book*, que contén actividades de repaso divididas en 3 niveis de dificultade.

Ademais, a Guía Didáctica axuda ao profesor a responder as diferenzas da aula, proporcionándolle actividades de ampliación para alumnos que rematan antes o seu traballo e permitindo que cada un traballe de acordo ao seu ritmo e nivel lingüístico. Hai actividades deliberadamente sinxelas que garanten que todos os alumnos e alumnas poidan realizar algunha actividade con éxito. Isto contribúe a aumentar a confianza dos estudantes máis lentos.

Para comprobar o nivel real e os obxectivos realmente adquiridos por estes alumnos á volta do curso seguinte, prestaráselles especial atención aos resultados das probas iniciais. No caso de que estas sexan negativas ou non o suficientemente favorables, proporcionaráselles aos alumnos durante o período que sexa necesario unha serie de exercicios que incidirán nos contidos do curso anterior ata que estes alumnos sexan capaces de alcanzar ou desenvolver estes obxectivos.

● ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Dende fai sete cursos este departamento está a impartir Afondamento de Expresión Oral en Inglés (ver apartado 16) co gallo de ampliar esta destreza no alumnado de 2º ESO.

Este curso volvemos contar cunha auxiliar de conversa que traballará nas seccións bilingües, en Afondamento de Expresión Oral en Inglés e no programa CUALE.

CUALE

O Departamento de Inglés, como xa fixo o curso pasado, impartirá o programa CUALE, modalidade A2. Este programa está dirixido á obtención do nivel A2 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).

O programa desenvólvese fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar e a participación é voluntaria e gratuíta para o alumnado de 3º ou 4º da ESO. Ao finalizar, o alumnado estará en condicións de superar as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas.

Os obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación terán como referencia o respectivo nivel do MCERL e será o propio centro o que expida os dous tipos de certificación: Certificado do nivel básico A2 de competencia no CUALE A2 e Certificado de aproveitamento do curso preparatorio para as probas de certificación das EEOOI

1.- Definición de NIVEL BÁSICO:

O nivel básico (básico 1 e básico 2) ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación como intermediario entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa. O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco Europeo Común de Referencia para as linguas (MECR) e na Lei orgánica de educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio). O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque accional polo que se pronuncia o MECR.

2.- OBXECTIVOS XERAIS:

Os obxectivos xerais concréntanse en obxectivos de acción, que desenvolven un dos ámbitos propostos en ALTE (“Association of Language Testers in Europe”), o Social e de Turismo (o ámbito de Traballo e Estudo desenvólvense en niveis superiores). Complétase co ámbito de Aprender a Aprender. Dentro do primeiro búscase satisfacer as necesidades básicas para quen queira viaxar a un país de fala inglesa (ou onde esta se use) ou que reciba eiquí unha persoa que se comunique en inglés. Búscase dotar o alumno das ferramentas necesarias para que sexa responsable e capaz de dirixir a súa propia aprendizaxe, tanto dentro dos tempos e espazos definidos pola escola como polo contorno da súa vida.

2.1: COMPRENSIÓN ORAL

Comprender o sentido xeral, información esencial e puntos principais de textos breves, sobre asuntos da vida cotiá, ben estruturados, articulados a unha velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou medios técnicos, na variedade estándar con condicións acústicas boas e ca mensaxe non distorsionada.

2.2: COMPRENSIÓN ESCRITA

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos moi breves referidos a asuntos da vida cotiá, de estrutura moi sinxela e clara, na variedade estándar.

2.3: EXPRESIÓN e INTERACCIÓN ORAL

Producir textos orais moi breves, referidos a asuntos da vida cotiá, en comunicación á cara, e comunicarse de forma comprensíbel, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

2.4: EXPRESIÓN e INTERACCIÓN ESCRITA

Escribir textos breves e de estrutura sinxela, sobre asuntos da vida cotiá, nos que se pide ou transmite información, usando axeitadamente recursos de cohesión e convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

3.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS do A2:

3.1: COMPRENSIÓN ORAL:

a. Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

- b. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.
- c. Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- d. Comprender información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas coñecidos.
- e. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes. Usar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

3.2. COMPRENSIÓN ESCRITA:

- a. Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos pouco complexos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.
- b. Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.
- c. Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.
- d. Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
- e. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

3.3: EXPRESIÓN e INTERACCIÓN ORAL:

- a. Desenvolverse en relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, usando fórmulas de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, usando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.
- b. Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- c. Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos ouvintes se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

d. Expoñer plans e facer hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

e. Solicitar a colaboración do interlocutor e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

3.4: EXPRESIÓN e INTERACCIÓN ESCRITA

a. Intercambiar información concreta e sinxela de temas cotiáns e habituais en ámbitos de actividade social.

b. Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns.

c. Usar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios e organizalos dacordo con modelos.

d. Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas relacionados coa experiencia persoal e na que se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro axeitado.

4. CONTIDOS:

Os contidos que conforman esta materia e este curso agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

-Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

-Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.

-Identificación de palabras clave.

-Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).

-Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.

-Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación.

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e ó canal, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

Execución.

- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoo adecuadamente e axustándose, no seu caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballado na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrasis dun término ou unha expresión.

Paralingüísticos:

- Petición de axuda ou clarificación.
- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entonación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Actitud de respecto cara si mesmo e cara as demais persoas, para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación:

chegada e saída do centro, conversación telefónica, compra-venta, e outras igualmente cotiás e básicas.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos : Coñecementos lingüísticos.

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabecera, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a él.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e plantexamento de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación

- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas a fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere decir, etc.).
- Localización e uso adecuados de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos leídos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

Execución

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta de ésta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Recurso ós coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo “agora volvo”, “xa nos veremos”, etc.).

Revisión

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- Reescritura definitiva.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sonidos e fonemas vocálicos.
- Sonidos e fonemas consoánticos e as súas agrupacións.

- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Acercamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivienda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitud receptiva e respetuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e oferta de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación.
- Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so + Adj. + as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*first conditional*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences, tags*).
- Exclamación (*What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Whquestions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).

- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv., e. g. usually; used to*); incoativo (*start + verb+ ing*); terminativo (*stop + verb+ ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able to*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to, must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. There will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (*e. g. good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: *e. g. all (the), most, both, none*. Degree: *e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later);*
sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*). Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (*xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal*).
- Uso de elementos cuasiléxicos (*hum, puah, etc.*) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (*pausas, ritmo e entonación*) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

5. TEMAS:

Todos estes contidos mencionados no punto anterior serán traballados en unidades didácticas deseñadas ó redor de diferentes temas que poidan ser do interese do alumnado, e temas de actualidade.

Posibles temas a tratar:

Character and Personality	Experiences
Suggestions	Adventure Sports
Beach or Mountain	Compare cities
City or Countryside	The World in the Future
My house	Plans for the Weekend
Renting a Flat	Global Warming
My ideal House	Superstitions
Buying a House	Rules on the Road
Halloween	If I were President
The Perfect Flatmate	If I were Famous
Your Ideal Hotel	A Recipe
Booking A Room	Inventions and Inventors
Festivals and Celebrations	On the News
Dreams	Mysteries
Superlative World	Wishes and Regrets
A Quiz Show	

Para a elaboración dos temas imos empregar material propio realizado polo profesor e algunhas fichas sacadas de libros fotocopiáveis ou ben páxinas web que conteñan actividades relevantes e interesantes para os nosos propósitos.

6. AVALIACIÓN CONTINUA e FINAL

Segundo as directrices da Orde do 12 Maio 2011, fánanse probas ó longo do curso para ver a evolución do alumnado participante. Estas probas tamén servirán coma unha autoavaliación do proceso educativo, para ver que cousas funcionan e que cousas se deben de mellorar.

Estas probas estarán basadas nas 5 skills: escoitar, falar, ler, escribir e mediación.

Estas probas puntuaranse cada unha con 25 puntos.

Para que profesor considere que o alumnado está aproveitando a materia será necesario acadar un mínimo dun 5 nelas.

Cara ó final do curso, farase unha proba final cos mesmos parámetros.

Estes tests finais terán un valor do 60%. O 40% restante para a nota será o traballo de clase, a participación e o interese amosado polo alumnado diariamente durante o curso.

O alumnado que acade un mínimo de un 5, será nomeado para que se lle expida por parte do centro o título de “Certificado de aproveitamento no CUALE A2” .

Avaliación e baremos nivel A2

Características, duración e partes das probas parciais e finais

DESTREZAS	PUNTUACIÓN	DURACIÓN MÁXIMA	N.º mínimo de Tarefas	TIPOS DE TAREFA
Comprensión lectora	25	60 min	Mínimo 2	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: <ul style="list-style-type: none"> ● Relacionar (textos con imaxes ou epígrafes, anuncios con destinatarios) ● Elección múltiple ● Verdadeiro / falso ● Transferencia de información ● Respostas abertas
Comprensión oral	25	30 min	Mínimo 2	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: <ul style="list-style-type: none"> ● Emparellar ● Elección múltiple ● Verdadeiro / falso ● Transferencia de información ● Respostas abertas
Expresión e interacción escrita	25	60 min	1 ou 2 tarefas guiada e contextualizadas	<ul style="list-style-type: none"> ● Texto descritivo, narrativo ou expositivo ou ● Texto con formato correspondencia (Entre 80 e 120 palabras en total)
Expresión e interacción oral	25	2-3 min por parella	2 tarefas (en parella)	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 monólogo ● 1 diálogo entre persoas candidatas (Guiados e contextualizados)
Mediación oral e escrita	25	2-3 min por parella	2 tarefas	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 exposición/ explicación
	TOTAL: 125			

● DESDOBRES

Este curso non se poden facer desdoubles en ningún curso da ESO por falta de horas no Departamento de Inglés.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS. TEMAS TRANSVERSAIS

O proxecto *Together* incorpora e desenvolve o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. (*Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos, Educación moral e cívica, Educación para a paz, Educación para a saúde, Educación ambiental, Educación sexual, Educación do consumidor, Educación viaria*).

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora e oral e a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través do uso do **iPack** en tódalas leccións para a presentación da gramática a través dunha animación, a práctica do vocabulario e da gramática; o soporte adicional como preparación para as actividades de *listening*, *speaking* e *writing*; a visualización dos vídeos nos xogos para consolidar os contidos.

§ O **Oxford Online Learning Zone** e recursos na **web de Oxford University Press España** con práctica interactiva, vídeo e material de audio para estender a aprendizaxe da clase.

§ O uso dunha aplicación, **VOC App**, para practicar o vocabulario nun smart phone.

§ A versión dos libros dixitais: *Student's Book* e *Workbook*.

§ Os apartados *Did you know...?* proporcionan oportunidades de buscas de información en liña.

O emprendemento tamén se traballa no *Together* xa que o método axuda ao alumnado a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de:

§ As actividades de *warm up* e as actividades de produción oral permiten ao alumnado expresar a súa opinión persoal e escoitar a outros alumnos e alumnas e failles reflectir, por exemplo, sobre considerar outras ideas.

§ Os proxectos, ao finalizar as unidades 1, 2, 4, 5, 7 e 8 supoñen un reto para o alumnado en canto a traballo colaborativo en grupos, aplicar os seus coñecementos fóra da aula, organizarse e presentar as súas ideas, desenvolver a negociación, planificar, tomar decisións, etc.

Together tamén fomenta a **educación cívica e constitucional** en cada unha das unidades, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario: en cada unha das unidades realízanse actividades que desenvolven as destrezas sociais de cooperación e traballo colaborativo cos seus compañeiros, a través, por exemplo, do debate.

As tarefas baseadas na realidade permiten ao alumnado tratar cunha ampla variedade de situacións de comunicación de forma satisfactoria. As seccións de *Speaking* e as actividades de *Put it together* proporcionan frecuentes oportunidades para mellorar as destrezas sociais en inglés.

En *21st Century Skills* apréndese sobre a importancia de involucrarse en proxectos e planificalos utilizando os recursos dispoñibles, usar as tecnoloxías e a Internet con coidado, pensar nun presuposto e o manexo de diñeiro, aprender dunha crítica construtiva, a toma de decisións dunha maneira informada, a resolución pacífica de conflitos e a creación dun plan de acción para un obxectivo persoal.

As actividades por parellas, como a práctica de pequenos diálogos, favorecen as relacións sociais entre o alumnado, a cooperación e o traballo en equipo.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A lectura é unha das catro destrezas fundamentais para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, ademais dunha ferramenta útil, senón “indispensable”, para obter información.

A diario traballamos as lecturas que hai nos libros de texto en tódolos niveis, ESO e Bacharelato, prestando atención ó vocabulario, á comprensión lectora e ós aspectos culturais contrastándoos cos propios.

Cada unidade do libro de texto ten os seus propios apartados de lectura. Normalmente os exercicios corríxense de forma oral no 2º ciclo de Secundaria, así que en xeral, dedícase unha media de 20 a 30 minutos por sesión á lectura en inglés.

Nos catro niveis da ESO, o alumnado elixirá un libro dos ofertados polo profesorado para ler ao longo do curso. Unha vez que saibamos o nivel de inglés que teñen en cada curso, escolleremos os títulos máis axeitados dos catálogos.

As lecturas, ademais de estar adaptadas ao seu nivel, facilitan o achegamento e o coñecemento da Literatura e Lingua Inglesa e, o mesmo tempo, adquiren vocabulario, reforzan e consolidan funcións comunicativas e estruturas gramaticais e familiarízanse cos tópicos relacionados cos temas traballados, chegando ás súas propias conclusións e opinións persoais ó remate da lectura. En suma, a Lectura amósase coma un elemento non só útil, senon necesario para o enriquecemento lingüístico e persoal do alumno.

En 2º ESO, tal e como se recolle nos criterios da avaliación, os títulos elixidos serán divididos en tres partes e, cada unha desas partes, será avaliada no trimestre correspondente por medio dunha proba escrita. Estas probas contarán un 10% da nota final de cada trimestre.

En 4º ESO o alumnado deberá ler un libro que será proposto pola profesora e haberá unha proba de lectura na segunda avaliación, que terá un valor do 10% da nota desa avaliación.

15.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso nos gustaría organizar a asistencia a unha representación teatral, tal e como se viña realizando nos últimos anos, e que a causa da pandemia non se puido facer os tres últimos cursos. Trátase de que todo o alumnado da ESO asista a unha obra de teatro en inglés, representada por actores nativos. É unha actividade moi beneficiosa porque achega ao noso alumnado á lingua dunha forma lúdica. Os membros do departamento elixirán unha obra de entre a oferta para este curso, atendendo aos intereses do noso alumnado

Para o alumnado de CUALE está pensada unha visita a unha Escape Room.

Solicitouse para este curso un Programa de Inmersión Lingüística en inglés convocado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no que participaría o alumnado de 2º ESO. Estamos pendentes de saber se o conceden ao noso centro.

16.- AFONDAMENTO EN EXPRESIÓN ORAL EN INGLÉS

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, concretamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade.

Segundo recolle a **LOMCE**, artigo 13: *Organización do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria no apartado 4: No horario establecido como de libre configuración os centros docentes poderán optar por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias recollidas neste artigo, por establecer outra ou outras materias que determine o centro docente, segundo o seu proxecto educativo e logo da autorización da consellería con competencias en materia de educación, ou por impartir algunha das materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes.* Por isto, o Afondamento en Expresión Oral en Inglés nace da necesidade dunha práctica extra da expresión e comprensión oral nesta lingua xa que é unha das materias pendentes do sistema educativo español: o alumnado termina a súa Educación Secundaria cun alto nivel de coñecementos gramaticais, pero incapaz de ter unha conversa de nivel medio e unha pronuncia aceptable.

TEMPORALIZACIÓN

A materia de Afondamento en Expresión Oral en inglés conta cunha hora semanal ao ser unha materia de libre configuración de afondamento dunha materia troncal, polo que teremos unhas 36 sesións aproximadamente ao longo do ano.

AFONDAMENTO 2º ESO

SEPTEMBER

SESSION 1	Greeting and presentation
-----------	---------------------------

OCTOBER

SESSION 2	Scottish and Irish cultures vs Galician cultures, vocabulary labelling
SESSION 3	unscrambling info and translating a code
SESSION 4	running dictation, completing a chart about Scotland and Galicia
SESSION 5	Halloween workshop

NOVEMBER

SESSION 6	Guess game: Who am I?, talking about traditions in other countries
SESSION 7	Free time activities, labelling and a questionnaire
SESSION 8	project: picture of their hobbies and guessing game
SESSION 9	Photo scanning and memory game

DECEMBER

SESSION 10	sudoku of pronunciation
SESSION 11	Christmas workshop
SESSION 12	Fantastic holidays labelling pictures and information completing a chart and asking and answering info about it

2nd TERM

JANUARY

SESSION 13	Watching a video about a country and answering true/false
SESSION 14	skimming a postcard and writing one
SESSION 15	Fortune telling, labelling and running dictation

FEBRUARY

SESSION 16	role play: The fortune teller, unscrambling info
SESSION 17	We are fortune tellers and use our cards, card game
SESSION 18	workshop

MARCH

SESSION 19	Clothes labelling, playing hangman
SESSION 20	wordsearch, using the past continuous to talk about pictures of VIPs
SESSION 21	Unscrambling info

SESSION 22	Playing alibi
------------	---------------

APRIL	
SESSION 23	Easter workshop

3rd TERM

APRIL	
SESSION 24	The Wheel of fortune project
SESSION 25	The Wheel of fortune project
SESSION 26	The Wheel of fortune. Shooting

MAY	
SESSION 27	Harry potter
SESSION 28	Memory game and wall dictation
SESSION 29	scanning a video and learning about pronunciation
SESSION 30	reading about a sport and completing a chart

JUNE	
SESSION 31	inventing a magic version of a sport
SESSION 32	My portfolio and My vocabulary project revision
SESSION 33	End-of-year recap

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O peso máximo da materia de afondamento na nota final obtida na materia de 1ª lingua estranxeira inglés será de **1 punto**. A porcentaxe de dito punto que obteña o alumnado só será tido en conta cando o alumno ou alumna obtivese un mínimo dun 5 de nota media na materia de inglés.

O proceso de avaliación se fixará non só no resultado final, senón tamén na aprendizaxe conseguida a partir da situación inicial de partida. Reorientarase o proceso de ensino-aprendizaxe sempre que sexa necesario intentando superar as dificultades que xurdan e considerando o nivel axeitado do alumno.

O alumnado será avaliado continuamente, non só a través de probas orais específicas (projects) senón por medio de exercicios orais diarios nos que deberá demostrar a súa competencia comunicativa.

A cualificación obtida en cada unha das avaliacións reflectirá a suma dos coñecementos dos alumnos e alumnas, a súa actitude, capacidade de traballo, de integración no grupo, traballo diario (participación, traballos e tarefas)...

A observación sistemática proporciónanos os instrumentos básicos de avaliación e permítenos establecer os seguintes criterios de cualificación para a valoración final do alumno:

- 50% da nota final da avaliación corresponde a actitude cara á materia e traballo diario: comportamento en clase, traballo en clase, traballo na casa, participación, interese...

- 50% da nota corresponde aos projects asignados a cada avaliación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Cando comezamos a buscar materiais e libros para esta materia, decatámonos que había moi pouca oferta, polo que a meirande parte dos materiais que imos empregar foron deseñados por este departamento. Os materiais e recursos didácticos cos que contamos para esta materia son:

- **Join In. Developing Conversations Strategies 1, Editorial Oxford.** Conta co libro do alumno e CD de audio , CDs de clase, libro do profesor e test pack (libro de tests). Este libro está deseñado para desenrolar estratexias orais para soar dun xeito natural en inglés.

- **Tree or Three, Editorial Cambridge.** Conta co libro do alumno e con CDs de audio. Este libro está enfocado a mellorar a pronuncia inglesa, tan diferente da castelá ou galega. Empregaremos este libro para salientar os sons máis difíciles de producir para castelán/galego falantes.

- **www.amigosingleses.com:** É una páxina moi divertida na que unha parella formada por un profesor inglés e una rapaza española explican aspectos relacionados coa cultura inglesa , fonética, gramática...

- **www.engvid.com:** É outra páxina moi interesante na que un grupo de profesores nativos ingleses, americanos, canadenses... explican en vídeo distintos aspectos da lingua inglesa.

- **Youtube:** é unha canle que ofrece unha gran variedade de vídeos en lingua inglesa.

- **Materiais propios** deseñados por este dpto. (ver apto. Portfolio).

17.- REFORZO

Este curso impartirase unha hora semanal de reforzo de inglés en 2º de ESO. Esta medida xurde da necesidade expresada por moitos alumnos/as que ao longo destes anos se matriculaban na optativa de Afondamento en Expresión Oral en inglés pensando que se faría un reforzo para alumnos con dificultades nesta materia, e que logo descubrían que era xusto o contrario, unha ampliación.

Debido ás dificultades de aprendizaxe detectadas nestes alumnos, intentárase mellorar as súas competencias básicas, incidindo nos contidos mínimos necesarios para superar o curso no que

están matriculados, e farase un seguimento personalizado atendendo ás necesidades particulares de cada un. Neste grupo estarán incluídos os alumnos/as que teñan a materia pendente, que terán un seguimento por parte da profesora.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O peso máximo da materia de reforzo na nota final obtida na materia de 1ª lingua estranxeira inglés será de **1 punto**.

O proceso de avaliación se fixará non só no resultado final, senón tamén na aprendizaxe conseguida a partir da situación inicial de partida. Reorientarase o proceso de ensino-aprendizaxe sempre que sexa necesario intentando superar as dificultades que xurdan e considerando o nivel axeitado do alumno.

O alumnado será avaliado continuamente por medio de exercicios diarios nos que deberá demostrar a súa competencia.

A cualificación obtida en cada unha das avaliacións reflectirá a suma dos coñecementos dos alumnos e alumnas, a súa actitude, capacidade de traballo, de integración no grupo, traballo diario (participación, traballos e tarefas)...

A observación sistemática proporciónanos os instrumentos básicos de avaliación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos cos que contamos para o reforzo son:

- Os propios libro do alumno e workbook.
- O **Oxford Online Learning Zone** e recursos na **web de Oxford University Press España**
- O *Teacher's Resource Book*, que contén actividades de repaso divididas en 3 niveis de dificultade.
- *Together Essentials 2º*, da Editorial Oxford.